

## **RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE ANUNCIA O PRAZO DE PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULA DE USUARIOS/AS DAS ESCOLAS INFANTIS PARA O CURSO 2009-2010**

A Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar anuncia a apertura do prazo para a prescrición e matrícula nas Escolas Infantís de: Ames, Ares, Cotobade, Ferrol, Foz, Marín, Silleda e Vilagarcía para o vindeiro curso 2009-2010.

O prazo de prescrición para novas/os usuarias/os é do 14 ao 30 de outubro. As instancias recolleranse dende o día que comeza o citado prazo, nos enderezos e horarios que aparecen no Anexo I.

A listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as publicarase o 6 de novembro. O prazo de reclamación é de 10 días hábiles contados dende o día seguinte ao da súa publicación.

A listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as farase pública 27 de novembro.

Tanto os listados provisionais como os definitivos publicaranse no taboleiro de anuncios dos Concellos e no do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e na súa páxina web [www.igualdadebenestar.org](http://www.igualdadebenestar.org)

O prazo de matrícula, será do 30 de novembro ao 15 de decembro .

Tal e como consta no RRI das Escolas Infantís, de non formalizar a matrícula no prazo estipulado, decaerá o dereito á praza aínda tendo feita a prescrición ou aparecendo na listaxe de admitidos/as.

En Santiago de Compostela, a 28 de setembro de 2009.

Asdo. Roberto Rodríguez Martínez  
Xerente do Consorcio Galego  
de Servizos de Igualdade e Benestar

NOTA: este documento é copia do orixinal que está depositado nos arquivos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

## ANEXO I- LUGAR DE PREINSCRICIÓN

**Escola Infantil de Ames:**

R/Magdalena, 16 Milladoiro-15895 Ames. Tlf: 981538433 (Horario de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00)

**Escola Infantil de Ares:**

Casa Consistorial: Avda Saavedra Meneses nº 12 -15624 Ares. Tlf.: 981-468102 (Horario de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00)

**Escola Infantil de Cotobade:**

Casa Consistorial -Lugar Chan nº 11 Carballedo-Cotobade. Tlf.: 986-760001 (Horario de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00)

**Escola Infantil de Ferrol:**

Edificio social R/ Sanchez Barcaiztegui nº 37-45. Tlf: 981-944230(Horario de 8:00 a 15:00)

**Escola Infantil de Foz:**

Casa da Xuventude : R/Julia Minguillón nº 7-baixo. Tlf.: 982-133037 ( Horario de 10:00-13:00 e de 17:00 a 20:00)

**Escola Infantil de Marín:**

Oficina de Servizos Sociais: R/ Méndez Nuñez. Tlf.: 986-891684 (Horario de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00)

**Escola Infantil de Silleda:**

Casa da Cultura: R/ Progreso, nº 45. Tlf: 986-581028 (Horario de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00)

**Escola Infantil de Vilagarcía:**

Oficina Municipal de Carril. R/ Dr. Nicolás Viqueira Conde nº 5. Tlf.: 986-509117 (Horario de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00)